



**Grupo Municipal
RIBEIRA**

ANXELES GONZALEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal en relación co **estado da rede de pluviais e as beirarrúas no lugar do Vilar.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa case pasou unha década, dende que se realizaron as obras das beirarrúas para o lugar do Vilar. O proceso que levou á execución desta obra foi tan deficiente dende os seus comezos que varios anos despois os seus veciños/as aínda seguen a sufrir as consecuencias.

O estado das beirarrúas é deplorable, os postes eléctricos atópanse ben no medio das mesmas ou ben no medio da estrada, polo que constitúen un perigo para o tránsito. Sendo esta a vía de acceso máis concorrida, non só pola veciñanza senón tamén polos/as visitantes, á Praia do Vilar ou ó Centro de Interpretación do Parque Natural, non se pode entender que por parte deste Goberno Municipal non se deran os pasos oportunos para subsanar estas deficiencias.

A isto hai que engadir o estado en que quedou a rede de pluviais da zona, na actualidade a maior parte das tubarias de pluviais atópanse rotas, rebordando as augas para as propiedades dos veciños, que en moitos dos casos, -ademais de procederen no seu momento á cesión voluntaria dos terreos para as beirarrúas e teren que costear os gastos de volver á levantar os muros-, están vendo como eses muros están a punto de derrubarse polos asolagamentos que alí se producen.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte

SOLICITUDE

1. Que se proceda, de forma inmediata, ó arranxo da rede de pluviais e das beirarrúas.
2. Que, por parte do Grupo de Goberno, se fagan as xestións oportunas, ante os órganos pertinentes, para que se arranxe o do traslado dos postes de alumeadado.

Ribeira, 10 de setembro de 2007

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA